Que ve a sociedade na muller Asperger? Non participa ou non asiste ás reunións sociais; é desconsiderada e maleducada. Rexeita o contacto íntimo e non é cariñosa. É fría e egoísta.



Que sente a muller Asperger? O ruído dos espazos sociais prodúcelle angustia ao non poder demodular os sons e non distinguir as conversacións, polo que dificilmente pode participar nelas. Sofre hipersensibilidade ao tacto e as caricias, en moitos casos, son dolorosas. É incomprendida, séntese soa e frustrada.

Estereotipo n.º 3: a sociedade espera que a muller favoreza as formalidades sociais e o protocolo de forma proactiva.

Existe unha característica que, non sendo exclusiva da Síndrome de Asperger, si se dá con maior frecuencia dentro do Trastorno do Espectro Autista. Trátase da prosopagnosia, que é a dificultade para recoñecer as caras e identificar ás persoas. Esta característica imposibilita ou dificulta as relacións sociais, simplemente por non poder identificar á persoa coñecida e non responder ás súas demandas de interacción.

Que ve a sociedade na muller Asperger? Non saúda, ignora os seus compañeiros, é unha fachendosa.

Que sente a muller Asperger? Inseguridade. Se alguén se cambia de roupa ou de peiteado simplemente non é capaz de recoñecelo. Nas reunións sociais ou de traballo non saben quen é quen. Séntese desorientada e angustiada.

Risco n.º 1: unha muller que non entende a ironía nin os dobres sentidos pode ser unha vítima do maltrato

A linguaxe Asperger implica unha comunicación baseada na literalidade. Non se comprenden os dobres sentidos, as ironías e as frases feitas. A comunicación baséase na transmisión de información e datos, non na emoción.

Que ve a sociedade na muller Asperger? Fala bruscamente, é ameazante, non entende o que se lle di.



Que sente a muller Asperger? Non comprende por que crea desgusto nos demais, non quere ferir e non entende por que a súa parella se sente ferida. A miúdo séntese ridícula e insegura.

Risco 2: nos ambientes laborais non se aceptan condutas excesivamente asertivas nas mulleres, mentres que son consideradas un valor nos homes. Isto leva consigo un aumento do risco de acoso laboral.

A cegueira social afecta a dous ámbitos principais: por un lado impide apreciar a comunicación non verbal; por outro, impide recoñecer e comprender as estruturas xerárquicas sociais.

Que ve a sociedade na muller Asperger? É soberbia e retardora. É irrespetuosa cos seus superiores. Fala cando ten que calar, non entende o que se lle demanda e é persistente nos seus argumentos.

Que sente a muller Asperger? Ela sente que dicir o que pensa non é unha falta de respecto, que non debe ser castigada por non mentir nin finxir. Non entende por que as características apreciadas nun home son consideradas retardoras cando se trata dunha muller.

Tres ideas finais e unha solución

A percepción de si mesma e do ámbito nas mulleres Asperger failles ser moi diferentes do estereotipo feminino; non obstante son mulleres plenas en dereitos e capacidades.

Son especialmente obxectivas e sinceras, confiadas e crédulas e ata inocentes ao crer que todo o que din os demais é verdade. Non detectan a mentira nin a hipocrisía polo que son especialmente vulnerables ao engano e ao maltrato físico e psicolóxico.



Non entenden os roles sociais, nin máis xerarquía que a que nace do respecto e a sabedoría. Din o que pensan aínda que con iso se poñan en perigo físico ou psicolóxico, non senten medo nin detectan o perigo, o que as converte en obxectivos predilectos para os acosadores no ámbito escolar, laboral e de natureza sexual.

Con este panorama poderíamos pensar que a muller con Síndrome de Asperger ten poucas posibilidades de gozar dunha calidade de vida e unha protección aos que ten dereito como cidadá, propietaria e posuidora do espazo social. Non obstante, si que hai unha saída; e non é outra que **deixar de ser invisibles**. Como en todos os casos de grupo humano minoritario, é o descoñecemento, e o medo que deriva deste, o que fai que o ámbito rexeite e encapsule o diferente, pensando que na uniformidade se atopa a propia seguridade e protección. Falar de Trastornos do Espectro do Autismo, testemuñar a diversidade e estar presente en todas as áreas da sociedade fará que o que hoxe parece un tipo humano estraño, extravagante, e mesmo inquietante se converta nunha persoa igual ás demais, recoñecida nas súas capacidades e respectada nas súas diferenzas. Hai un gran camiño por diante; non obstante, quero crer que escribir hoxe de Asperger e muller, e atopar a reflexión do lector é un gran primeiro paso. Sen dúbida, a comprensión e a celebración da diversidade na natureza humana están cada día, un pouco máis preto.

Bibliografía e webgrafía

Aspergirls Rudy Simone. Ed. Jessica Kingsley (2010)

El síndrome de Asperger en las mujeres: ¿Un conjunto de retos diferentes?
Catherine Faherty, publicado pola Federación Asperger España
<http://asperger.es>

Sesgo de género en el esfuerzo terapéutico, María T. Ruiz Cantero e María Verdú Delgado Gaceta Sanitaria 2014, Universidade de Alicante.

La violencia en las niñas y mujeres con discapacidad en España. Contribución do Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI) ao estudo sobre “la responsabilidad del estado para eliminar la violencia contra las mujeres” preparado pola relatora especial sobre violencia contra as mulleres. (2012) CERMI España

Género y Asperger. Paula Nogales, relatorio presentado no I Encontro Asperger de profesionais e familias. Valencia 2015

Autism in pink: Prevalence Study of females with autism I the four participating countries (2015)

Autism in pink: Informe de investigación cualitativa (2014)

<http://tonyattwood.com.au>

<http://mujeresteia.com>

<http://autisminpink.net>

REFLEXIÓNS SOBRE A SÍNDROME DE ASPERGER

Mónica Recio Crespo*

Psicóloga e Artterapeuta

RESUMO

Este artigo é unha reflexión sobre as diferentes manifestacións da Síndrome de Asperger e propón entender dous estilos diferenciados, un máis pechado en si mesmo e outro de carácter máis explosivo. A través de viñetas prácticas e de imaxes sobre as producións plásticas feitas por estes pacientes, téntase chegar á comprensión psicodinámica destas manifestacións, entendendo as ansiedades primarias ás que responde, os mecanismos de defensa máis implicados e, en definitiva, o funcionamento mental ao que están suxeitos.

Consideracións previas

Actualmente existe unha gran controversia no uso do diagnóstico Síndrome de Asperger, xa que este foi eliminado no último DSM-V e pasou a formar

* A autora ten a diplomatura Educació Especial. Escola Formació del Professorat, U.B. (1994-1997). Mástter en Artteràpia. Aplicacions Terapèutiques de la Práctica Artística, U.B. (2000-2003). Llicenciatura de Psicología, U.O.C. (2006-2012). Habilitada com a Psicòloga Sanitària (2014).

Experiencia: 1997-2004: C.E.E. Carrilet, como tutora dunha aula con nenos con TEA; 2005- ata a actualidade: Servei de Tractaments Carrilet, artterapeuta e psicóloga. Decembro do 2013: Colaboradora no curso de extensión universitaria sobre Trastorns de l'Espectre Autista. Universitat Ramon Llull; Colaboradora na formación de postgrao de Trastorns de l'Espectre Autista na ISEP; 2014-2015: Supervisora do CDIAP de Sant Celoni; 2015: Supervisora en DAPSI de Rubí.

Outros: Colaboradora nos libros: Viloca, Ll. *El niño autista*, Barcelona, Ediciones CEAC, 2003, p.114; Centre Educatiu i Terapèutic Carrilet, *Comprensión y abordaje educativo y terapéutico del TEA*, Barcelona, Horsori, 2012, p.149. Coautora do artigo: Oromí, I., Linares, L. y Recio, M. Experiencia en incubadora i desenvolupament mental: comprensión psicoanalítica. *Revista Catalana de Psicoanàlisi*, Barcelona, Institut de Psicoanàlisi de Barcelona, XXVII/2, p.113-129. Autora do artigo: Recio, M. Artteràpia en infants amb trastorns de l'espectre autista. *Revista online Desenvolupa*, 2012, núm 34.

parte dos Trastornos do Espectro do Autismo, onde a variabilidade responde a graos e intensidade sintomática. As razóns da súa desaparición responden á dificultade para aplicar os criterios diagnósticos de forma inequívoca, xa que non sempre é fácil diferencialo doutros trastornos como o autismo de alto funcionamento, o trastorno esquizofrénico, trastornos de ansiedade, entre outros.

A pesar destes novos criterios do DSM-V (APA, 2014), son moitos os profesionais que seguen considerando unhas características específicas na Síndrome de Asperger (SA). É por esta razón, que segue habendo desexo por coñecer máis e reflexionar máis sobre o tema.

Manifestacións clínicas e comprensión psicodinámica

As características clínicas do SA pódense atopar en multitude de libros, artigos e páxinas web. Sen querer afondar pois nestas características tan amplamente desenvolvidas noutros escritos, o obxectivo deste artigo é poder lanzar máis espazos de reflexión e debate ao redor dunha patoloxía tan complexa como apaixonante.

Desenvolvo a práctica clínica no Servizo de Tratamentos Carrilet, onde se atenden principalmente nenos e adolescentes diagnosticados con TEA (entre os cales atoparíamos SA). Dentro da gran heteroxeneidade de manifestacións, e sen querer caer en simplificacións, puidemos observar que entre os pacientes con SA poderíamos establecer dous patróns de funcionamento, que aínda formando parte do mesmo trastorno, as súas manifestacións, nalgúns aspectos, son ben distintas. Para poder entender isto vou exemplificar estes estilos con dúas viñetas clínicas.

VIÑETA 1

Andrés de 8 anos entra na sala con certa inseguridade, o seu corpo parece descoordinado, pouco harmónico, a súa cara é inexpresiva e a súa mirada fuxidía. Ten a precaución de non tocar nada co seu corpo e de afastarse da miña man se esta se achega. Como cada vez que entra di “ola, esta semana foi ben.” E case sen deixar espazo de intervención quere seguir explicándome a película de debuxos que non puido acabar de contar o último día. Cando eu interveño escóitame con certa ansiedade para ver se xa pode contarme o que el ten pensado, aínda que me permite acabar sen interrupcións. Prosegue coa súa representación onde fai os diálogos dos personaxes aprendidos de memoria e representa algúns dos xestos da película de forma que podo facerme unha idea case literal da película. Estamos nun mesmo espazo, pero eu son unha espectadora, é difícil compartir a experiencia. A miúdo interróm-

polle para que me aclare algunhas cousas e teño que lembrarlle que eu non vin a película, así que necesito algúns datos para poder entender o que me explica. A pesar da molestia que lle supón ter que dar explicacións, dámas, da maneira máis breve posible e se non o entendo pode mostrarse anoxado comigo. Unha vez acaba a súa representación, dime os créditos, os nomes do produtor, director, músico, ilustrador... e móstrase moi frustrado se non lembra algún deles.

VIÑETA 2

Jorge ten 7 anos, entra correndo ao servizo, ri e mira atrás porque se escapou da man da súa nai. Ao verme empúxame rindo e segue correndo polo corredor; vírase con mirada divertida a ver se alguén lle persegue. Despois dun intre de dar voltas conseguimos detelo, axúdolle a entrar á nosa sala, pero xusto cando estamos a piques de pasar a porta volve escapar nunha acción de gran impulso e volve rir divertido, esperando unha persecución. Despois dun intre logramos entrar na sala. Quitase os zapatos e os lanza. Colle da súa mochila un álbum de cromos de Pokemon e empeza a miralos pasando as follas, algún os saca e recoloca, porque todos están colocados nunha certa orde que el me explica pero que non entendo. Pregúntolle por eles e vaime explicando os seus ataques, a súa cantidade de forza, coñece todos os nomes e características dos Pokemon (hai máis de 500). A súa linguaxe é fluída e explicame cousas con conexión coa mirada e con certo desexo de compartilas comigo. Faime elixir un e logo el elixe outro que me ataca e sempre me gaña. El goza sendo o mellor, o máis forte, o que máis sabe. Levántase a miúdo e camiña con algúns cromos na man e fala el só de posibles ataques que pode facer. Daquela garda o álbum e tásame ao pescozo de forma imprevisible nunha mestura de abrazo/esmagamento agresivo que me custa de entender. Nas sesións adoito sentirme nunha especie de corda frouxa, non sei se nalgún momento pode estalar algo, transmíteme un alto nivel de ansiedade.

Propóñolle facer algo coa plastilina e non quere. Di que debuxará. Fai un monstro con garras e boca de dentes aguzados. Mirao e lanza os lapis cara a min. Quérese ir. Estira con forza o mango da porta que está pechada con chave. Enfádase por non poder irse. Empeza a lanzar os materiais e téñoos que gardar en sitio seguro. Fálolle do difícil que é estar comigo, de como puido debuxar algo que igual o asustou, pero as miñas palabras xa non poden chegar, está demasiado encerrado no seu enfado. Só a contención do propio espazo, a miña resistencia aos seus ataques e a miña actitude firme pero comprensiva, consegue ir acougando a súa ansiedade.

Na primeira viñeta poderíamos observar un tipo de paciente con clara dificultade para a relación, cuns intereses restrinxidos e unha memoria non usual para detalles. Quizais neste caso nos atopamos co SA socialmente máis coñecido. Na segunda viñeta, en cambio, podemos ver un neno moito máis impulsivo, cunha relación difícil pero en certa maneira unha procura de contacto, con tamén intereses repetitivos e unha gran capacidade de memoria.

En ámbolos casos podemos entender que se trata de pacientes cunha precaria diferenciación entre un mesmo (obxecto interno) e os demais (obxecto externo), ancorándose nun funcionamento mental e pensamento primitivo e máxico, onde os límites entre o tempo e o espazo pérdense¹. Desde a teoría Kleiniana, enténdese que o *self* (eu) está construído como a fragmentos, no que falta integrar as diferentes partes dun mesmo, é dicir, conectar emocións, sensacións, pensamentos e accións. Da mesma maneira as relacións cos demais tamén son parciais, a anaquiños, percíbense de forma escindida ou ben é malo e persecutorio ou ben é gratificante e idealizado, mostrando unha enorme dificultade para poder integrar todos os aspectos do mesmo obxecto, tanto os bos como os malos. Esta forma dicotómica de entender o mundo prodúcese como defensa ante unha angustia moi primitiva que se orixina entre o que Freud denominou, instinto de vida e instinto de morte, é dicir, entre os impulsos que nos levan a crecer e os que nos impulsan cara a regresión². O conflito entre estas dúas forzas xera unha grande ansiedade que tentan ter baixo control e para iso utilizan defensas como a negación, a idealización, os mecanismos de control onnipotente... que teñen como obxectivo diminuír o terror á aniquilación e a morte. Viloca (1998) fálanos da ansiedade catastrófica de caer nun baleiro e desaparecer, nuns estadios onde a posibilidade de pensamento está verdadeiramente comprometida.

Na primeira viñeta, a relación co terapeuta téntase evitar coa non mirada, o non contacto físico e a fuxida ao seu propio mundo fantástico. O mecanismo de defensa da negación onnipotente está ao servizo da ansiedade que xera a posibilidade de relacionarse co outro e a impotencia de podelo necesitar e pensar que este lles pode fallar e deixalos totalmente desprovistos, sentindo a carencia, o baleiro, que lles conecta coa posibilidade de morte. No segundo caso a ansiedade que esperta a relación co outro tamén é intensa e persecutoria, pero parece que a defensa máis utilizada é de proxección evacuadora, de forma que o terapeuta queda investido de forma masiva da proxección de obxecto persecutorio, ao cal ataca para defenderse.

1 No libro "Las psicosis. Sufrimiento mental y comprensión psicodinámica." de Víctor Hernández (2008), faise esta descrición sobre o proceso mental primario propio das psicosis.

2 Segal, H. (1987). "Introducción a la obra de Melanie Klein". Buenos Aires. Paidós.

En ámbolos casos esta ansiedade primitiva parte de estruturas mentais débiles e fragmentadas, onde as relacións cos obxectos non son de todo diferenciadas, o outro existe, pero a súa percepción é tamén fragmentada e parcial. Rivière (1991) fálanos sobre a teoría da mente e como no autismo as relacións cos demais son deficitarias por non entender o outro como un suxeito con mente, con percepcións, con pensamento e sentimentos propios que non teñen por que ser iguais ás dun mesmo.

Cando a relación co obxecto é parcial, cando a comprensión sobre o que pasa pola mente do outro está limitada, a incerteza sobre o que a persoa coa que nos relacionamos pode facer ou dicir é abafadora, de maneira que tentan controlar maxicamente ó outro ao seu gusto, calquera achega que veña de fóra atribúenlla a eles mesmos nunha identificación proxectiva masiva e onde non cabe a necesidade do outro, que como dixen anteriormente, espertaría a ansiedade catastrófica de poder ser abandonado e sentirse totalmente desprotexido.

A pesar de atoparnos en ámbolos casos con funcionamentos mentais arcaicos e primitivos, onde o ataque ao vínculo e ao obxecto está moi presente, as manifestacións e as contratransferencias que nos espertan na clínica son ben distintas.

No primeiro caso, o ataque á relación non se dá de forma violenta ou física senón máis ben de forma mental, desvitalizando o obxecto de relación. Esta desvitalización lévase a cabo a través de non ter en conta ó outro, nin as súas propostas, da non resposta, así como da mecanización das condutas ou as respostas sociais, como se pode observar cando o paciente responde de forma correcta pero mecánica, conseguindo deixalas baleiras de contido emocional e significado. Este tipo de mecanismos espertan na contratransferencia terapéutica grandes dificultades para manter a atención activamente no que o paciente nos explica, e digo explícanos, pero en realidade non nolo está explicando a nós senón que está coas súas cousas, negando a relación co terapeuta. É fácil que os nosos pensamentos se vaian a outro lugar e nos convertan en dous suxeitos que só teñen en común o espazo que comparten. Hanse de facer esforzos por permanecer alí con total conexión e intentando que a nosa capacidade para pensar sobre o que está a pasar non quede anulada. Anne Álvarez (2004) en relación con nenos con autismo fálanos da necesidade de manernos nunha atención activa axustada, a pesar de tratarse de nenos con SA, con máis recursos e capacidades, penso que é unha clave para poder axudalos, xa que conseguir manter a atención permite que se sentan aceptados e cada vez menos necesitados de defenderse.

No segundo caso presentado, podemos observar que todo o que sucede é moito máis visceral e ameazante. O medo, a ansiedade e a agresión ao obxecto

están presentes ao longo da sesión, como unha ameaza latente que en calquera momento pode espertar.

A miúdo son pacientes que en case todos os contextos molestan, provocan, fan reaccionar o outro de forma autoritaria e tenden a ser tratados e entendidos como persoas con trastornos de conduta. A súa mirada adoita ser viva e activa, a espera das reaccións no outro tamén... Todo apunta a entender unha clara intención de romper coas normas e de provocar no outro, o que adoita levar a respostas sociais de reprobación e castigo.

Cando chegan os pacientes á consulta adoita haber un gran caos na casa e na escola, canto máis o castigan máis condutas disruptivas presenta e máis difícil é de conter, é dicir, canto máis persecutorio é o contexto máis razóns teñen os nosos pacientes para defenderse da ameaza que supón relacionarse co exterior, o cal é francamente hostil. Son pacientes que parecen establecer un bo contacto pero que rapidamente se desorganizan, son caóticos e desestruturados. Ás veces móstranse tremendamente cariñosos e logo hostís, inaccesibles, e mostran unha grande ambivalencia afectiva. Teñen grandes dificultades para aceptar a realidade e tenden a fragmentala e destruíla.

Entender e facer comprender isto, é un dos grandes fitos do tratamento con estes pacientes. O terapeuta debe ser suficientemente resistente a estas proxeccións masivas sen ser destruído e mantendo a capacidade de transformalas nunha cousa boa. Axudarlle a ampliar a súa capacidade para introxectar as cousas boas sen destruílas, é dicir, en comprensión da súa ansiedade, máis aló da conduta concreta de agresión. Bion (1988) na súa teoría do pensamento, explica que cando a capacidade de frustración non é adecuada, a intolerancia á falta (ao non ter o que se quere) introxéctase como un obxecto malo que debe ser expulsado, os pensamentos tamén serán tratados como obxectos malos internos que deben ser expulsados. Para axudar á construción do mundo interno, o terapeuta deberá ter a capacidade de converterse en continente destas proxeccións e mediante a *función de revérie* (capacidade de resposta da “nai” ás frustracións), dar unha comprensión e significación ao que lle pasa, devolvéndolle estas identificacións proxectivas de forma tolerable. Desta maneira conseguiremos ir ampliando a súa capacidade de pensamento e polo tanto reforzaremos o seu *self*, axudando a unir todos eses anaquiños e construíndo un eu máis integrado.

En canto ao tipo de producións tamén podemos observar diferenzas significativas entre estes dous “estilos” de pacientes SA. No primeiro caso as súas producións plásticas poden ser bastante repetitivas, como nas seguintes imaxes, na ilustración 1, o importante era facer un de cada cor, mesturando plastilinas. Na 2 o compoñente obsesivo e repetitivo está moi presente.



ILUSTRACIÓN 1



ILUSTRACIÓN 2

A número 3 desde o meu punto de vista é bastante representativa do concreto que é o seu mundo interno, a súa forma de entender o mundo. Creo que escribir as diferentes formas de denominar can e gato e logo debuxalo repetidamente, debe partir da súa necesidade de entender que os diferentes idiomas representan exactamente o mesmo, pero as palabras son distintas.




ILUSTRACIÓN 3

Aparecen a miúdo máquinas ou mecanismos. Na ilustración 4 invéntase un coche que lava vasos e dedica varias sesións á elaboración detallada. O menos importante é a utilidade do invento, esta pode ser moi absurda, o verdadeiramente importante neste caso era sentir que podía crear unha máquina con mecanismos sofisticados e que debía estar totalmente concentrado na súa execución para non descoidarse dos detalles. Na imaxe 5 móstranos unha engrenaxe de como el pensa que funcionan os idiomas nos menús dos DVD.



ILUSTRACIÓN 4




ILUSTRACIÓN 5

Tamén é bastante habitual que escriban os detalles coma se se tratase de debuxos científicos (Ilustración 6) ou mapas de percursos con km, altitudes, velocidade... (Ilustración 7), que parecen un intento de ordenar o seu propio caos interno.




ILUSTRACIÓN 6




ILUSTRACIÓN 7

Outros moitos debuxos feitos con regra e coidadosamente pintados, borrando e rectificando para poder conseguir unha reprodución bastante perfecta, imaxe 8 e 9 (reprodución das Meninas). Temas de interese que se repiten en moitos pacientes como os planetas, os monumentos ou edificios importantes, o mapamundi, os sinais de tráfico, os trens...



ILUSTRACIÓN 8



ILUSTRACIÓN 9

E finalmente un debuxo que considero bastante representativo da auto-percepción do corpo, tamén mecanizado, robotizado e pouco flexible (Imaxe 10).



ILUSTRACIÓN 10

As producións no segundo tipo de pacientes adoitan mostrar máis agresividade (Imaxe 11). En moitas ocasións non teño rexistro destas imaxes porque cando poden ver a produción acabada rómpena.



ILUSTRACIÓN 11



ILUSTRACIÓN 12




ILUSTRACIÓN 13



ILUSTRACIÓN 14

A fragmentación e a rabia vén representada a miúdo con dentes punzantes, garras, montañas aguzadas, cousas cravadas, debuxos de batallas ou combates. Na ilustración 12 pódese pensar nun volcán que garda no seu interior unha gran furia que ameaza por saír e na 13 a pouca capacidade coa que a súa cabeza diminuta (é dicir, o seu pensamento) é capaz de dirixir o corpo furioso e os ataques que vai dirixindo descontroladamente.

Conclusións

Moitos dos pacientes que se chegan á consulta diagnosticados de SA, parecen estar máis preto do que antes se diagnosticaba como psicose infantil (que foi eliminado do DSM). Aínda así, podemos ver que, a pesar das diferentes manifestacións, os fundamentos mentais e a comprensión clínica, son ben parecidos. Un eu débil e pouco cohesionado que debe ser entendido desde as súas ansiedades e mecanismos de defensa, para axudalos á integración entre sensacións, emocións e pensamentos, xerando pontes de conexión que amplíen a súa capacidade de adaptación á realidade e á relación cos demais, permitindo unha maior calidade de vida, obxectivo principal do noso traballo.

Bibliografía

- Álvarez, A., A propósito del elemento de déficit en los niños con autismo: psicoterapia basada en el psicoanálisis y factores de desarrollo. En *Niños con autismo: experiencia y experiencias*. Valencia, Promolibro, 2004.
- American Psychiatric Association, *DSM-V. Manual Diagnóstico y Estadístico de los trastornos mentales*, Barcelona, Editorial Masson, 2014.
- Bion, W., *Volviendo a pensar*, Buenos Aires, Horme-Paidós, 1996.
- Centre Educatiu i Terapèutic Carrilet, *Comprensión y abordaje educativo y terapéutico del TEA*, Barcelona, Horsori, 2012.
- Hernández, V. *Las psicosis: sufrimiento mental y comprensión psicodinámica*, Barcelona, Paidós, 2008.
- Rivière, A. Martos, J. *El niño pequeño con autismo*, Madrid, APNA, 2000.
- Segal, H. *Introducción a la obra de Melanie Klein*, Buenos Aires, Paidós, 1987.
- Viloca, Ll. *El niño autista: detección, evolución y tratamiento*. Barcelona, Colecciones Carrilet, 2012.
- Viloca, Ll. Ansiedad catastrófica: de la sensorialidad a la comunicación. *Revista Catalana de Psicoanàlisi*, XV (1), 35-60, 1998.

PROBLEMÁTICA DE NENOS E ADOLESCENTES CON AUTISMO DE ALTO FUNCIONAMENTO NAS CONTORNAS ESCOLARES

Daniel Comín*

Director de Autismo Diario

Abordar temáticas relacionadas co modelo educativo de nenos e adolescentes e non repetir o que xa se dixo ata a saciedade leva certos riscos. Pero se a isto lle engadimos que estes nenos e adolescentes teñen un diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e de alto funcionamento, ademais de certos riscos implica certa ousadía. Xa que non só hai moito escrito sobre o tema, é que case todo o escrito enfócase desde unha determinada visión, posiblemente desde un punto de vista máis próximo ao modelo académico estándar. Pero na actualidade hai unha forte tendencia a alterar, cambiar, modificar, transformar a visión que sobre a educación e a escola tense, máis se cabe, cando pretendemos falar dun modelo onde todos caiban, onde se realice unha atención adecuada á diversidade.

Hoxe vemos que esta corrente de pensamento tenta facer cambiar visións que se consideran adocenadas, pasadas de moda, tendo en conta nos tempos en que vivimos. Presuntamente estamos involucrados nunha presunta corrente de supremacía dos dereitos cidadáns, onde se usa cada vez máis o principio de equidade e igualdade social. Onde se entende que a proposta de atención á diversidade debe mutarse na atención para todos, sen máis etiquetas ou subterfuxios destinados ao encadrado. Con todo, vemos como a pesar de todas estas correntes de pensamento, algunhas delas francamente sublimes, a realidade

* O autor é director e editor de Autismo Diario e responsable de supervisión de artigos científicos. Especializado en sistemas de desenvolvemento e economía sustentable. Co-autor do proxecto de formación técnica e reinserción social de África Central para United Nations Development Programme (ONU) e AIDICO.

nos colexios é ben diferente. Existen obviamente honrosas excepcións, pero a norma, a tan ditosa norma, lévanos a unha realidade ben diferente.

E é que a realidade se empeña en golpear nos furiosamente, sacarnos dese impulso holístico, filosófico, social, humano en suma, para lanzarnos ao pozo da normalidade, esa que en realidade é un constructo artificial deseñado para o adoutrinamiento ou a instrución do alumno. Véñennos á mente aqueles modelos da escola prusiana, aqueles inventores do concepto *Kindergarten*, ou “Xardín de nenos”, onde o docente cumpría a función de xardineiro, quen consideraba os seus alumnos como humildes leitugas ás que coidar para que dean un determinado froito. E quizá todo isto sexa unha esaxeración permítame pois o lector esta licenza! e quizá a escola actual, a do 2015 non sexa exactamente así, e os nenos non sexan pois leitugas nun viveiro, pero hai un dato tremendo referido ao modelo educativo español en xeral. Segundo Eurostat no ano 2013 o fracaso escolar español situouse nun 23,5 %, pero se a este dato lle engadimos os datos xerais de prevalencia de TEA, síndrome de Down, discapacidade intelectual, TDAH, dislexia..., e o resto de factores relacionados coas dificultades da aprendizaxe, ou calquera tipo de discapacidade motriz ou sensorial e sumámoslle a cifra media de alumnos con fracaso escolar, podemos afirmar que ao redor do 38/40 % dos alumnos que están na fase de educación obrigatoria, teñen necesidades educativas especiais (NEE), sexan estas permanentes ou puntuais. É dicir, que temos un 38/40 % de alumnos (como pouco) con NEE, e que obviamente debido a mil e unha circunstancias, estas NEE non están a ser atendidas na forma e maneira que estes alumnos requiren.

Por tanto temos unha situación que dista moito de ser ideal, pero a esta complexa ecuación debemos engadir lle unha nova incógnita, alumnos con TEA de alto funcionamento, que –aínda que pareza mentira– supoñen un reto educativo importante. Estamos ante alumnos que presentan boas capacidades a nivel curricular e académico, pero que con todo acaban tendo innumerables problemas no día a día. Desde todas as modalidades posibles de acoso escolar, a problemas de adaptación á contorna, dificultades de varios niveis no relativo á interacción social, problemas relacionados con aspectos puramente psicolóxicos como estados de ansiedade, baixa autoestima, depresión..., e se a isto lle sumamos que como están tan ben se baixa a garda, atopámonos a mozos que viven entre dous mundos, e que cando algo sae mal é culpa do autismo que teñen, e que cando algo sae ben é grazas ao sistema. E que cando o alumno lle pega a outro, é unha reacción agresiva relacionada co propio autismo, para nada se xulga na súa totalidade a situación, senón que se culpa o neno, sempre é máis fácil culpar o máis débil. Ademais encontrámonos con problemas derivados dos baixos recursos humanos e técnicos no apoio educativo e social do alumno. Pero por se todo isto fose pouco, a calidade da formación do profesional non sempre é a adecuada. Alguén revisou as materias que reciben os

profesionais que atenden a estes alumnos? Alguén dixo unha vez, os nenos acaban aprendendo, a pesar da escola. Isto é unha afirmación que pode mesmo resultar malsoante para moitos profesionais da docencia, pero desgraciadamente, se puidésemos ou nos deixasen medir a calidade formativa de quen debe atender a alumnos con autismo (sexa este de alto, medio ou baixo funcionamento), posiblemente descubriríamos –non sen certa perplexidade– que un gran número destes profesionais ou ben ten unha formación escasa, ou con conceptos antigos, ou sinxelamente non saben realmente que ou como deben enfrontar o seu traballo a diario. Non pretendo afirmar que os profesionais sexan malos *per se*, senón que a súa formación o é. Hai infinidade de bos profesionais frustrados xa que se ven incapaces de atender adecuadamente os seus alumnos, por mil e un motivos. Ás veces mesmo van de colexio en colexio tentando atender a moitos mais nenos dos que son conscientes que poden dar soporte.

Pero todo isto lévanos a un panorama actual que non é o adecuado para a atención de alumnos con NEE, os datos así o demostran na xeneralidade, así que na especificidade de alumnos con autismo, non vai ser a excepción. Ademais, vemos como ao alumno con autismo de alto funcionamento se lle acaba dando menos atención da necesaria, xa que ninguén ve (ou non quere ver) as súas extensas e importantes necesidades no día a día. Ninguén parece ser consciente de que o devir diario do alumno require de fortes apoios a diferentes niveis, tanto curriculares propiamente ditos, como sociais e emocionais. Pasan moitas horas das súas novas vidas en contornas cunha estrutura moitas veces –se non sempre– caótica e complexa para eles. A ninguén parece importarlle demasiado que o alumno ou alumna teñan un Trastorno do Procesamiento Sensorial (TPS), ou peor aínda, non saben que é iso! Da mesma forma que as súas alteracións sensoriais lles afectan enormemente no seu desenvolvemento diario, problemas relacionados coas funcións executivas dificultan enormemente o seu cumprimento do rigoroso e estrito modelo educativo, e se a iso sumámoslle a dificultade para entender os –xa de seu incomprendibles– encabezados ás preguntas das tarefas escolares ou das mesmas avaliacións, vemos a un alumno perdido nunha forte ondada que acaba desembocando en fortes alteracións emocionais.

E que sucede, que ao final, a discapacidade do raparigo se converte nunha forma de opresión, quizá non advertida polos propios docentes, pero a realidade é esa, alumnos que sofren de indefensión aprendida debido á súa discapacidade, alumnos que ven como só os aspectos cognitivos parecen ter peso no devir académico, mentres que os importantísimos aspectos emocionais son deixados de lado.

Esta vía de opresión, extensible á propia familia, é en suma unha forma de decidir de forma previa o non futuro do alumno. Está suspenso de entrada, e

iso que moitas das súas mestras e mestres crerán nel, apoiaran na medida das súas posibilidades, e mesmo os equipos de orientación educativa apostarán por el. E con todo, o seu diagnóstico é tristemente o seu prognóstico. Todo o malo é achacable a el, ou á súa familia, ou ao sursuncorda, que para o caso é o mesmo, dá igual quen sexa o culpable mentres a vítima sexa a mesma. Porque esa é a situación real. Cando falas con xente nova que acaban de saír do sistema educativo, raro é o que fale ben do mesmo, apenas retrincos de certa paz, pero o demais adoita ser sempre moi negativo. Este efecto é real, onde os alumnos se empeñan en sobrevivir ao sistema educativo, que a verdade, non está preparado para afrontar o reto de educar na diversidade, xa que sinxelamente o sistema non está deseñado para tal fin, e por tanto o efecto é tristemente obvio.

É evidente que debemos levar a cabo un cambio global de paradigma, impulsar unha profunda transformación da realidade. Debemos deixar de tentar normalizar a vida do alumno, para iso deberíamos saber que diantres é o normal! Normalizar ao final implica incrustar a persoa nunha norma, gústeche ou non esa norma, e se non che gusta pois amólaste. Quizá sexa moito máis fácil naturalizar a escola e o proceso educativo, crear ambientes naturais que contendan cun modelo de supraecoloxía social, de forma que nos poidamos sentar e decidir que esperamos dos nosos alumnos? Debemos poder ser capaces de ver o valor completo do noso alumno en todos e cada un dos seus momentos vitais, debemos ser capaces de apreciar que as súas diferenzas poden ser os nosos aliados e non os nosos inimigos. Debemos propoñer un modelo de desnormalización creativa do ensino, de forma que no canto de dedicarnos a prognosticar as capacidades dun alumno con base nas súas cualificacións, deseñemos un modelo educativo destinado a que cada alumno consiga chegar ao 100 % das súas capacidades, sexan estas as que sexan. Esta debe ser a política, conseguir que cada alumno dea o 100 % das súas posibilidades a todos os niveis vitais, e non só memorísticos. Educar debe ser preparar o alumno para a vida, e non a superar modelos de avaliación memorística de grises coñecementos de dubidosa validez vital. Quizá un dos maiores logros académicos dun alumno con autismo non sexa sacar un 10 en matemáticas, senón ter amigos.

O docente ha de ser consciente que ten alumnos, non autismos, mentres isto siga así, seguiremos potenciando o modelo da educación que modela un sistema opresivo cara ao alumno con diversidade funcional, non se lle estará dando o adecuado valor á diversidade, onde se siga primando a individualidade fronte ao valor do grupo, que non deixa de ser senón o reflexo posterior da sociedade. E non o esquezamos, a realidade non é outra cousa que a execución dos desexos dunha sociedade, de forma que mentres perpetuemos o desexo, continuaremos nunha sociedade inmovilista e cun modelo educativo que vestido de “inclusivo” continúe segregando, xa non a nivel de localización espacial, senón a nivel de localización social.

Mentres sigamos falando da necesidade da inclusión educativa, non poderemos falar da importancia da convivencia. E a convivencia é o que marca a gran diferenza entre un modelo de inclusión social e un modelo de diferenciación en función de factores artificiais, que non deixan de poñer trabas ao correcto avance dunha sociedade; a cal, finalmente, se diseña e constrúe na fase de educación infantil e primaria. Mentres sigamos pensando que a escola é un lugar fronte a un concepto social, seguiremos encadrando a educación entre catro paredes, de forma contraria ao que en realidade debe ser unha sociedade, un grupo diverso e que se autoenriquece.

“Os nenos e a xente nova con necesidades educativas especiais teñen que ter acceso ás escolas ordinarias, as cales deberán incluílos no marco dunha pedagogía centrada no neno e coa capacidade para dar resposta ás súas necesidades.” UNESCO, Salamanca, 1994.

Hoxe vemos como cada vez os modelos de aprendizaxe colaborativa escalan postos no modelo de educación para todos, onde non se contende cun diagnóstico, xa que o propio feito de aceptar o diagnóstico como un elemento específico de diferenciación do alumno, é como que polo feito de pertencer a unha raza ou etnia diferente, o etiquetamos. Xeramos adaptacións específicas e procuramos que estas adaptacións sexan coñecidas polo resto do alumnado, de forma que nos aseguremos que o resto de nenos sexan conscientes de que o seu compañeiro é “diferente” e por iso ten un trato “diferente”, é dicir, promovemos a estigmatización do alumno, e increíblemente promovemos o illamento social, a burla..., en suma, acoso. Promovemos a diferenza por esquecernos que quizais, os mellores educadores en NEE sexan os propios compañeiros do alumno con autismo. Deámoslle valor ao grupo, deámoslle voz ao alumno e fagamos que sexa participe das decisións do seu colexio, xa que desa forma, entenderán que o seu colexio inclúe os seus compañeiros. Entendamos que unha nena ou un neno quizais si teñan capacidade suficiente para dar a súa opinión sobre aquilo que lles afecta, de forma que naturalicemos o seu futuro e promovamos modelos onde o alumno é parte activa do seu propio proceso social e educativo, e por tanto, entendan que a diversidade non é só racial, relixiosa, idiomática..., a diversidade tamén inclúe a discapacidade.

Isto lévanos a deseñar á súa vez modelos de competitividade razoada do alumno, que é un proceso onde o propio alumno con autismo poderá sentirse máis a gusto, xa que será capaz de comprender un proceso moito máis lóxico que o puramente hormonal da competitividade extrema e potenciada desde o propio sistema. A competitividade razoada debe promover modelos baseados en: Non compito para superar o outro; Non compito para demostrar superioridade.

dade senón evolución persoal; Compito contra min mesmo; Compito para mellorar a calidade do grupo; Compito en grupo como forma de reforzar lazos. Este cambio de pensamento, este modelo de corresponsabilidade educativa, onde todos son parte, onde todos forman parte do avance do grupo, este cambio debe estar dirixido ao apoio do alumno con máis dificultades, que en moitos casos, estas dificultades xéraas o propio sistema. Por exemplo, imaxínomeos a un raparigo con hiperactividade que é pastor de cabras. O noso amigo é un dos máis admirados pastores da rexión, xa que ten as mellores cabras, as mellor coidadas, as que mellor leite dan, nunca perde nin unha... , en suma, é o mellor. Pero cando ao noso mozo cabreiro o levamos ao colexio, o mandamos ao médico para que lle dea unha pastilla e estea quieto e atenda, ou peor aínda, para que non se convirta nun elemento perturbador da paz da clase. É dicir, nun contexto é pouco menos que un heroe, e noutro contexto é pouco menos que un paria, por tanto, debemos culpar o noso pastor de ser como é? ou pola contra, quizá debamos cambiar a escola para que saiba aproveitar as vantaxes competitivas que este raparigo pode achegar ao grupo?

Debemos traballar para que o desexo social se adecúe ao desexo de todos, incluídos os desexos das persoas con discapacidade. E isto debe incluír o alumno con autismo de alto funcionamento, e os de baixo tamén, e os alumnos con hiperactividade, e con síndrome de Down, e con calquera diferenza que o faga merecedor dun diagnóstico médico ou etiqueta social, sexa esta do tipo que sexa. As etiquetas ou diagnósticos non se deben converter nun predictor de futuro, senón nunha ferramenta máis no deseño dos apoios que o alumno poida requirir. Os alumnos con autismo de alto funcionamento quizá non parezan requirir de tanta atención como alumnos con maiores necesidades de apoio (segundo o modelo tradicional), pero non debemos esquecer que a incidencia de ansiedade e depresión son dous factores que prexudican seriamente a calidade de vida destes alumnos, que a probabilidade de que se suiciden é 10 veces superior á do resto dos seus compañeiros.

Ao final, non é só unha cuestión da capacidade de ser capaz de superar un currículo académico, senón de ser capaces de superar o currículo social, que é en suma, o que van atopar cando acaben o seu periplo escolar, unha sociedade que debe estar preparada e lista a recibilos, pero onde eles mesmos, deberán de dispoñer de suficientes ferramentas e experiencias como para poder ser eles mesmos parte desa inclusión social.

PROBLEMAS CLÍNICOS QUE LIMITAN A CALIDADE DE VIDA DOS ADOLESCENTES E ADULTOS CON TEA E ALTO FUNCIONAMENTO (SÍNDROME DE ASPERGER): CARA A UNHA PROBA DE AUTOINFORME

Mercedes Belinchón Carmona¹, Natalia Blas Agüero²
e Javier Muñoz Bravo ³

RESUMO

Preséntanse neste artigo os resultados da primeira fase dun estudo orientado ao deseño dunha ferramenta de autoinforme que facilite a identificación de problemas de saúde mental e do comportamento comórbidos ao Trastorno do Espectro do Autismo, en adolescentes e adultos con alto nivel de funcionamento (Síndrome de Asperger). A ferramenta non vai orientada ao diagnóstico ou á intervención clínica formal destes problemas senón a favorecer un mellor manexo destes na vida cotiá, tanto por parte dos familiares, profesionais e servizos implicados na mellora da calidade de vida destas persoas, como por elas mesmas. Tentamos así facilitar avanzar na busca de estratexias que axuden a comprender mellor o funcionamento e necesidades reais das persoas con esta condición, e a deseñar plans de apoio e metas persoais máis realistas.

- 1 Mercedes Belinchón Carmona é Doutora en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid, Profesora Titular de Psicoloxía Básica na Universidade Autónoma de Madrid e actual Co-Directora do Máster Propio UAM-FEAPS en “Apoyos a personas con discapacidad intelectual o del desarrollo y sus familias: Procesos psicológicos y Calidad de Vida” (e-mail: mercedes.belinchon@uam.es).
- 2 Natalia Blas Agüero é Licenciada en Psicoloxía pola UAM e titulada no Máster Propio UAM-FEAPS en “Apoyos a personas con discapacidad intelectual o del desarrollo y sus familias: Procesos psicológicos y Calidad de Vida” (e-mail: nat.aguero89@gmail.com).
- 3 Javier Muñoz Bravo é Licenciado en Psicoloxía pola UAM, Especialista en Psicoloxía Clínica e Colaborador do Centro de Psicoloxía Aplicada da UAM e do Máster Propio UAM-FEAPS en “Apoyos a personas con discapacidad intelectual o del desarrollo y sus familias: Procesos psicológicos y Calidad de Vida” (e-mail: jaran@cop.es).

Introducción

A saúde é un dereito humano fundamental e universal, incluído na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e recoñecido en diversas normas internacionais que obrigan ós estados a xerar condicións para que todos os cidadáns poidan vivir o máis saudablemente posible, o que vai moito máis alá do mero feito de gozar dunha boa saúde (ver tamén a Declaración de Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas promulgada en 2006). A pesar diso, as persoas con discapacidades do desenvolvemento seguen sufrindo certa discriminación na súa atención sanitaria, o que con frecuencia se traduce nun menor uso de, e unha peor atención nos servizos de atención primaria e especializada, en demoras e erros significativos en canto á detección e diagnóstico dos seus problemas e, en xeral, nun peor estado de saúde física e mental que o da poboación xeral (ver, por exemplo, en relación coa saúde das persoas con discapacidade intelectual, Muñoz y Marín, 2005; Martínez-Leal, Salvador-Carulla, Ruiz, Nadal, Novell-Alsina, Martorell, González-Cordón, Mérida-Gutiérrez, Ángel, Milagrosa-Tejonero, Rodríguez, García-Gutiérrez, Pérez-Vicente, García-Ibáñez y Aguilera, 2011; Muñoz, Fernández, Belinchón, Sellán, Díaz, Hernando y Muñoz, 2014; e tamén unha análise dos factores que causan e contribúen a manter esta discriminación en Krahn, Hammond e Turner, 2006).

As persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e alto nivel de funcionamento (persoas con Síndrome de Asperger –en diante, pcSA–) non constitúen unha excepción neste aspecto a pesar das súas boas capacidades cognitivas e lingüísticas. Diversas publicacións (p. e., Powell, 2002; Belinchón, Hernández e Sotillo, 2008) documentaron que este colectivo frecuenta tamén pouco os servizos sanitarios aínda presentando problemas frecuentes e significativos de saúde física e mental, o que podería explicarse, por unha banda, porque lles resulta difícil identificar e categorizar os sinais propioceptivos do malestar (e os seus estados internos, en xeral), e, por outra, porque teñen dificultades para comunicarse dun modo pragmaticamente eficaz con outras persoas (o que inclúe, obviamente, ós propios profesionais sanitarios que os atenden nas consultas e servizos sanitarios). No ámbito específico da saúde mental, ademais, son numerosas as evidencias de que existe unha prevalencia elevada de trastornos comórbidos ou asociados⁴ que comezan a facerse evidentes sobre todo a partir da adolescencia, e que poden acentuar e/ou enmascarar os síntomas nucleares do SA/TEA (Ghazziuddin, 2005; Raja y Azzoni, 2008; Hofvander,

4 O concepto de comorbilidade fai referencia á “asociación entre dúas ou máis condicións [patolóxicas que] poden estar causalmente relacionadas ou non (Ghazziuddin, 2002, p.139). No seu sentido máis laxo e común, o concepto indica a concorrencia de dous ou máis trastornos, sen presupoñer nada sobre a súa relación funcional.

Anckarsärer, Chaste, Delorme, Gillberg, Herbrecht, Leboyer, Nydén, Rastam, Stanhlberg, Stopin y Wentz, 2009; Paula y Martos, 2009; Paula, Martos y Llorente, 2010; Ruta, D'Arrigo, Mazzone y Mugno, 2010; Bloigu, Ebeling, Haapsamo, Hurting, Joskitt, Jussila, Kielinen, Kuusikko-Gauffin, Linna, Mattila, Moilanen y Pauls, 2010; Arrasate-Gil, López-Peña y Martínez-Cengotitabengoa, 2011).

No estudo realizado no noso país por Belinchón, Hernández e Sotillo (*op.cit.*), recolléronse datos de 78 familias e 20 pcSA maiores de 16 anos que revelaban que o 66,7 % deste grupo tomaba algún psicofármaco, aínda que só o 33,3 % dese grupo declarou contar cun diagnóstico clínico formal dos seus problemas. No 50 % dos casos, o diagnóstico deuse no mesmo ano que o de SA; no 80 % foi anterior e só nun caso foi posterior ao de SA. En todos os casos, os diagnósticos de SA e psiquiátricos foron emitidos desde servizos/centros distintos, polo que non é posible determinar se son diagnósticos realmente duais. O 90 % dos pais con fillos maiores de 16 anos aos que formalmente se lles diagnosticaran problemas comórbidos, e o 69 % dos propios compoñentes deste grupo entrevistados, declararon recibir ou estar a recibir algún tratamento psicoterapéutico non farmacolóxico, con periodicidade moi dispar (o 78 % semanal ou quincenalmente nun gabinete psicolóxico, o 22 % quincenal ou mensualmente na consulta privada dun psiquiatra, o 67 % visitaba ocasionalmente, pero sen periodicidade definida, un centro de saúde mental). A valoración que fixeron estes pais da utilidade dos tratamentos recibidos resultou bastante negativa (75 % considerouna “pouco útil” e 12,5% “inútil”). Con todo, os propios usuarios deron unha valoración positiva (o 72,2 % considerábaa “moi útil” ou “bastante útil”, argumentando que o tratamento mellorou as súas capacidades persoais (67 %), que lles axudou en xeral (67 %), que lles deu apoio emocional (44 %), que lles serviu para diminuír a súa ansiedade (11 %), e que lles serviu para resolver problemas (11 %). Doutra banda, o 66,6 % dos pais cuxos fillos non recibían ou non recibiran tratamento psicoterapéutico (aínda tendo diagnósticos psiquiátricos adicionais ao de SA) indicou non consideralo necesario; o 33 % restante valorouno como necesario pero dixo non saber como ou onde buscalo. O 50 % dos pais de pcSA con outros problemas de saúde mental diagnosticados informou que leva o seu fillo a algún servizo psiquiátrico de urxencia polo menos nunha ocasión (por depresión, angustia/obsesións, episodios psicóticos, episodios de descontrol/desequilibrio, e agresividade). Finalmente, entre as necesidades expresadas tanto polos familiares como polos profesionais neste estudo, destacaron: (1) a necesidade de lles facilitar aos profesionais dos servizos de saúde mental máis formación sobre o SA, o funcionamento destas persoas e os modos máis eficaces de atenderlles nas consultas; (2) a necesidade das familias de dispoñer de máis información e pautas de actuación en relación con estes problemas comórbidos; (3) a necesidade de xerar

